



O Parlamento aplicará no próximo Pleno os criterios de ordenación de acceso do público

Santiago, 7 de febreiro de 2013.- Logo de valorar as opinións dos distintos portavoces parlamentarios, “e desde o convencemento de que todos buscamos o mellor funcionamento da Cámara”, a presidenta do Parlamento de Galicia aplicará no vindeiro Pleno os criterios de ordenación do acceso de público á tribuna, que xa coñecen os grupos e que se axunta en documento anexo.

O Parlamento de Galicia quere facer as seguintes consideracións:

- Estes criterios non supoñen a aplicación de novas normas.
- O documento pon por escrito os criterios que xa se estaban a aplicar por acordo verbal e, polo tanto, busca transparentar as normas que aplica a Presidencia da Cámara en relación coas atribucións que lle outorga o Regulamento do Parlamento de Galicia.
- A sinatura polos invitados da información que se lles proporcione á entrada do Hemiciclo –e que se viña entregando xa desde a 4ª Lexislatura- garántelles o coñecemento das normas que rexen a orde na tribuna de convidados.

“En definitiva, trátase de que entre todos sexamos capaces de garantir o normal funcionamento da Cámara”, conclúe Pilar Rojo.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia